


## EDUCACIÓN INFANTIL:



**UN LIBRO.** *Hervé Tullet. Ed: Kókinos.* Círculos vermellos, amarelos e azuis desdóbranse, cambian de lugar, colócanse en fila, medran... Incluso están a punto de caerse polo borde do libro ou voar ata desaparecer. Todo depende do que o neno faga, se os apreta, os frota, sopra sobre eles ou os axita.



**A TOUPIÑA E O INVERNO.** *Zdeněk Miller. Editorial: patasdepeixe.*


Para desfrutar do inverno coa toupiña e os seus amigos.

**¡TENGO PIPÍ!** – *Émile Jadoul. Ed: Corimbo.* O pequeno pingüín León desperta cada noite ós seus pais porque non se atreve a ir só ao baño. Súa nai explícalle que os pingüíns grandes fan pipí eles sós. Unha noite decídese a ir só ó baño e cando o consegue ponse tan contento que desperta ós seus pais.



**BLUE CHAMELEON / O CAMALEÓN AZUL.** *Emily Gravett. Ed: patasdepeixe.*

Para aprender en galego e inglés as cores, nomes de animais ...e para que o neno-a poida engadir os seus debuxos no espazo libre.




# NO NADAL PIDE UN LIBRO



**BIBLIOTECA  
CEIP VILAXOÁN**

## PRIMEIRO CICLO:




**ROC APRENDE A LEER**  
*Tad Hills. Ed: Jjuventud.*

O canario fai de profesor e intenta que o can Roc aprenda a ler.



**GARABATOS.** *Pepe Ferrer. Ed: Oxford.*


Un lápiz que se dedica a facer garabatos por todas partes e unha goma que o persigue para borrarlos e pedirle que debuxe cousas bonitas.



**NA BUSCA DUN FOGAR.**

*Alexis Deacon. Ed: patasdepeixe.*

Un bravo grupo de irmáns, perdidos e buscando un novo fogar.




**A VACA QUE PUXO UN OVO.**

*Andy Cutbill. Ed: patasdepeixe.*

Unha vaca que quere facer algo diferente, para destacar entre as demais, e que pola súa simpatía e tristura é axudada polas súas amigas galiñas.

## SEGUNDO CICLO:



**LA HISTORIA DE LAS COSAS: Neal Layton. ED: Molino.**

Neal Layton fala de todos eses obxectos que a humanidade inventou a longo da historia e que nos fan a vida máis fácil. Contado co seu particular e estrafalario estilo.



## TERCER CICLO:



**LA EXPEDICIÓN DE LOS LIBROS. Vicente Muñoz Puelles. Ed: Oxford.**

Uns ladróns rouban un libro da biblioteca (o primeiro tomo das Obras Completas de Julio Verne) e o resto dos libros organízanse para rescatalo.




**ASUNTO: LA TIERRA. Varios autores. Ed: SM.**

Podemos atopar nesta enciclopedia todos os temas que nos preocupan como habitantes deste planeta, como o cambio climático, a búsqueda de enerxías alternativas ou unha guía das pequenas pero grandes aportacións que cada un pode facer cada día.



**A CHAVE DA ATLÁNTIDA. Anxo Fariña. Ed: Xerais.**


Novela de ciencia ficción na que se mestura unha civilización antiga coas posibilidades da biotecnoloxía e a robótica do futuro.



**LOS O.T.R.O.S (Sociedad Secreta).**

**Pedro Mañas. Ed: Everest.**

Franz Kopf é un neno de 10 anos. O día que o oculista lle diagnostica un ollo vago e lle coloca un parche no ollo bó, cámbialle a vida: os profesores séntano cerca da pizarra, xa non o elixen como xogador de baloncesto durante o recreo, a xente no autobús lle mira diferente...



**COIDADO, EXTRATERRESTRES.**

**Benoit Jacques. Ed: patasdepeixe**

Este libro conta como os extraterrestres deciden vir á terra a invadirnos, e o que pasa cando lle andamos a amolar as remolachas ao granxeiro holandés e o seu can.

Non sabemos que especie é máis perigosa, se a extraterrestre ou a humana!



**O INCIBLE NENO DEVORADOR DE LIBROS.**

**Oliver Jeffers. Ed: patasdepeixe.**

Un conto sorprendente e divertido sobre un neno que non pode deixar de comer libros.

**LOS NIÑOS EXTRAORDINARIOS: SIGRID Y EL MISTERIOSO CASO DEL AZÚCAR PUTREFACTO. Victoria Pérez Esquivá. Ed: Macmillan.**

Hai unha epidemia de caries na cidade. Sigrid perde o seu precioso colmillo e a cambio atopa un... de vampiro!

Divertido e con preciosas ilustracións.

